

# cooperactiva



editorial  
**CARLOS CASTRO**

entrevista a  
**CARLOS FONTAL**

CLUN  
**A FONDO**

A NOSA  
**XENTE**

REPORTAXE DO TRIMESTRE  
**MELLORA DO COMPLEXO  
MULTIDISCIPLINAR DE AS PONTES**

*O sabor  
da nosa terra*

**3**  
**MESES**  
**EN**  
**500**  
**PALABRAS**



**Carlos Castro**  
Director Xeral de Delagro

Os primeiros meses do ano foron moi intensos no ámbito do cooperativismo, inmerso nun constante esforzo de adaptación a unha contorna económica fráxil e moi esixente. Nel, **a integración dos procesos produtivos móstrase unha vez máis como a mellor opción para robustecer o noso tecido económico e laboral.**

Un bo exemplo disto foi a recente creación de CLUN, que de novo realizou un importante movemento estratéxico que a sitúa, mellor aínda se cabe, coma un referente nacional de explotación no sector lácteo. Recentemente **asinou un convenio de colaboración para integrar parte da súa produción en IBERLECHE**, sociedade ata agora participada por Leite Celta e CAPSA (subsidiaria de Central Lechera Asturiana). IBERLECHE foi creada en 2015 coa finalidade de coordinar a xestión, elaboración e comercialización de produtos de marca branca e de distribuidor, pero permitindo manter ás súas empresas matrices as súas marcas e comercializacións propias.

CLUN culmina así unha negociación que comezara FEIRACO no seu momento, e coa súa achega, IBERLECHE pasará a procesar e distribuír máis de 2.400 millóns de litros de leite ao ano, e tamén a integrar nun único esforzo industrial e comercial a gandeiros de todo o noroeste, constituído xa como o **principal polo de produción láctea do país.**


Foi tamén a necesidade de adaptación a que moveu aos nosos compañeiros das cooperativas LEMOS e COREBER a adquirir a queixería CELEGA, para dar unha saída estable á produción láctea dos seus asociados que se viu moi

depreciada desde 2015. Xa dende aquelas as cooperativas comezaron a buscar unha opción que lles permitise transformar a materia prima e dispoñer dunha canle propia de distribución, garantíndolles así aos socios un dobre valor engadido que compensase os baixos prezos do leite en orixe. **A oportunidade de comprar CELEGA presentouse como unha opción excelente para ambas as cooperativas:** trátase dunha empresa economicamente saneada, cunha carteira de clientes ampla e consolidada, e ao cargo dunha xerencia moi experimentada no sector. Constitúe, sen dúbida, a mellor decisión para asegurar a centos de gandeiros de Lugo e A Coruña un prezo xusto para o leite das súas ganderías.

Finalmente, nun terceiro exemplo de integración produtiva, gustárame destacar que a cooperativa lucense **AIRA adquiriu o 20% do grupo coruñés DAIRYLAC:** a primeira integra a miles de gandeiros, mentres que o segundo se dedica á produción de pensos. Os beneficios desta nova relación son evidentes para todos, e constitúe unha nova mostra de como traballar unidos é traballar por ser máis fortes.

E xa para terminar quero destacar que neste trimestre tivo lugar a Asemblea Xeral de Delagro, na que presentamos uns **resultados que contaron co aval da totalidade dos socios,** representando máis dun 86% do voto nesta convocatoria, proba do manifesto interese por este proxecto de integración cooperativa.

Deséxovos a todos un feliz verán.



## CLUN, Cooperativas Lácteas Unidas,

constituíuse como tal a comezos deste ano. Pero detrás destas novas siglas agóchase unha tradición tan vigorosa coma a do propio cooperativismo agrario galego, xa que é o resultado de integrar nun único proxecto empresarial a tres sociedades de renome: FEIRACO, OS IRMANDIÑOS e MELISANTO.

**FEIRACO naceu en 1968**, cando máis de 400 gandeiros do val de Barcala, no interior da provincia da Coruña, decidiron unirse para transportar e distribuír conxuntamente a produción láctea das súas ganderías. Desde aquel momento, FEIRACO **converteuse no referente cooperativo indiscutible no lácteo galego**, contribuíndo ademais activamente a través dos seus máis de 2.000 socios ao desenvolvemento económico e social da comarca.

Pola súa banda, **OS IRMANDIÑOS remonta as súas orixes a 1974**, cando un grupo de 70 gandeiros dos concellos lucenses de Ribadeo, Barreiros, Trabada, Lourenzá e Foz decidiron construír unha fábrica de pensos para abastecer as súas explotacións. Desde entón **fixo da diversificación a súa marca de identidade**, chegando a fornecer a máis de 1.000 socios un amplo abanico de produtos e servizos que fixeron das súas explotacións os referentes de produtividade da Mariña.

Finalmente, **MELISANTO creouse en 1979 e é unha das mellores mostras da eficiencia cooperativa agraria**. Formada nos concellos coruñeses de Melide, Santiso e Toques, na súa orixe estaba a ambición de varias decenas de gandeiros de resolver por si mesmos unha serie de problemas existentes á hora de comprar e vender os produtos necesarios para as súas explotacións. Pero MELISANTO foi moito máis alá, ofrecendo aos seus case 600 socios todos os servizos e produtos necesarios para potenciar a rendibilidade das súas explotacións.

Ata o ano 2012, as tres cooperativas desenvolveran independentemente a súa actividade nas súas respectivas comarcas, pero nese momento **xorde a primeira oportunidade sólida de colaboración: a participación, a través de \*ACOLACT, no renovado proxecto empresarial de CLESA**, en Caldas de Reis. O éxito empresarial da mesma move aos consellos reitores das tres cooperativas a iniciar conversacións orientadas a acadar unha integración total, que finalmente é aprobada polas respectivas asembleas de socios a finais de 2016.

*CLUN é o resultado de integrar nun único proxecto empresarial a tres sociedades de renome: FEIRACO, Os Irmandiños e MELISANTO.*

**A nova cooperativa comeza a súa andaina cunha aposta clara pola calidade e a innovación, como a mellor forma de reforzar o seu compromiso con todos e cada un dos seus socios** e as súas necesidades. Desde CLUN, “a integración absoluta das tres cooperativas é moi positiva para o socio: diminúe custos, asegura beneficios, amplía servizos e crea unha sociedade empresarial cun gran peso económico e social, que nos converte nun interlocutor de peso en todos os ámbitos. Tras a desaparición do sistema de cotas, unha gran cooperativa como CLUN é a mellor garantía de viabilidade para o gandeiro”.

*Trala desaparición do sistema de cotas, unha gran cooperativa como CLUN é a mellor garantía de viabilidade para o gandeiro.*

**desafíos do campo son moitos, e crecentes, pero están convencidos de que nos valores do cooperativismo está a clave do éxito.** “Para nós a colaboración, o apoio mutuo, a solidariedade e a responsabilidade social son á vez unha forma de entender o noso traballo e unha garantía de futuro para o gandeiro”.



## CLUN EN CIFRAS

A suma combinada das cifras das tres cooperativas que integraron CLUN confirma que se trata dunha **iniciativa empresarial con vocación de liderado no sector lácteo nacional**:

- A facturación total en 2016 ascendeu a 180 millóns de euros.
- Producíronse 355 millóns de litros de leite, dos cales 160 se distribuíron xa transformados en derivados lácteos.
- A produción conxunta de produtos de alimentación animal foi de 220.000 Tm.
- Trala integración, a nova cooperativa ten máis de 3.500 socios con dereito a voto e dá emprego directo a 389 persoas nas provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra.
- CLUN desenvolve a súa actividade empresarial ao redor de dous sectores produtivos: o **lácteo** e o de **alimentación animal**. O primeiro ten sedes en Caldas de Reis (CLESA), Ames (FEIRACO e ÚNICLA) e Aranga (ARQUEGA); o segundo desenvolve a súa actividade en Ames, Ribadeo, Melide e Barreiros (CAVI).



**180**  
MILLÓNS DE EUROS  
FACTURACIÓN



MÁIS DE  
**3.500**  
SOCIOS



**389**  
EMPREGADOS EN  
A CORUÑA, LUGO  
E PONTEVEDRA



**355**  
MILLÓNS DE LITROS  
DE LEITE  
PRODUCIDOS

## ACTIVIDADE ECONÓMICA

Actualmente, o negocio de CLUN configúrase ao redor de tres grandes seccións produtivas:

- 1 Unha **división de Lácteos** que produce, envasa e comercializa leite e derivados lácteos procedentes exclusivamente das explotacións dos seus socios, baixo marcas de referencia no mercado nacional como FEIRACO, ÚNICLA, CLESA e ARQUEGA.
- 2 A **división de Servizos** que prové ao socio de todo aquilo que pode necesitar para a mellor explotación da súa gandería: desde apoio na xestión económica e financeira ata estudos e asesoramento técnico nos ámbitos de agronomía, de alimentación e reprodución de animais.
- 3 A **división de Subministracións** encargada de proporcionar ao socio produtos como combustible, material de utilidade agraria, pensos e mestura húmida.

# NOTICIAS



## Delagro e Repsol dan un novo paso na súa relación comercial

*O novo acordo de colaboración reforza o compromiso de ambas as organizacións para a distribución de carburantes e combustibles.*

Delagro e Repsol acaban de renovar o seu convenio de colaboración, que reforza o compromiso de ambas as organizacións para a distribución de carburantes e combustibles. Ademais dos acordos de subministración, a oferta esténdese a outras unidades de negocio de Repsol como son GLP e Lubricantes, ambas con capacidade de proporcionar un alto valor engadido aos socios das cooperativas adheridas a Delagro.

A distribución de combustibles contempla tanto as unidades de subministración das cooperativas socias como a distribución ao domicilio dos socios das mesmas. Desta forma achéganse as mellores solucións

enerxéticas, con foco especial no AgroDiesel e+10, o único carburante recomendado polos principais fabricantes de maquinaria. Grazas ao seu exclusivo paquete de aditivos, o AgroDiesel e+10 protexe e alonga a vida útil da maquinaria e reduce os custos en mantemento.

O novo acordo de colaboración foi asinado o 24 de abril de 2017 nas instalacións de Delagro en Santiago de Compostela por Javier Taboada, presidente do Consello Rector de Delagro e José Manuel Hernández Carrero, director de mercados Residencial, Frotas e Agro de Repsol.

## O EXPERTO RESPONDE

### Pregunta

**Que ocorre coas reclamacións das “cláusulas chan” e dos gastos derivados da constitución do préstamos hipotecario, concretamente os gastos de notaría e rexistro? Por que hai tantas sobre o tema?**

### Resposta

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea coa súa Sentenza do 21 de decembro de 2016 ditaminou que as “cláusulas chan” (condicións abusivas que contiñan os contratos de préstamos hipotecarios que os bancos asinaban cos consumidores), ademais de ser contrarias á normativa en materia de consumidores e usuarios, terían que retrotraer os seus efectos económicos ao momento da súa aplicación, de maneira que se o banco nos aplicou a limitación pódese reclamar desde que a aplicou. Para salvar o previsible colapso dos Xulgados pola presentación de demandas reclamando a devolución de cantidades, publicouse o Real Decreto-Lei 1/2017, do 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección dos consumidores en materia de cláusulas chan.



Na práctica, só vai poder recuperar o seu diñeiro quen previamente o reclame, sen que haxa unha previa advertencia da entidade bancaria. Pero ademais, feita a reclamación, a entidade pode propoñer a devolución do diñeiro indebidamente cobrado, ou propoñer un sistema de compensación alternativo, co cal, se fai absolutamente imprescindible o asesoramento dun profesional.

O mesmo ocorre coas cláusulas que impoñen ao cliente todos os gastos derivados da constitución do préstamos hipotecario, singularmente o arancel notarial e o arancel rexistral.

En Aseagro - Serconsulting contamos con avogados e asesores fiscais á túa disposición para informarte sobre como actuar en cada caso e establecer os pasos a seguir.

**Rocío Huerta Miguel - Juan Carlos Menéndez González**

Avogados

Servicio Xurídico Serconsulting



**ESTA SECCIÓN É PARA TI**

Envía as túas preguntas e consultas a [lexpertoresponde@delagro.org](mailto:lexpertoresponde@delagro.org)



## Os socios avalan o modelo de xestión da cooperativa

*En 2016 o volume de negocio de Delagro ascendeu a 154 millóns de euros que se traduciron en case 1 millón de euros de beneficio neto.*

O pasado 4 de abril Delagro celebrou a súa XV Asemblea Xeral, na que participaron un 70 por cento dos asociados, representando case o 90 por cento do voto da cooperativa. O director xeral, Carlos Castro, presentou o informe de xestión correspondente a 2016, que mostrou uns resultados moi satisfactorios: no exercicio pasado, o volume de negocio de Delagro ascendeu a 154 millóns de euros, que se traduciron en case 1 millón de euros de beneficio neto distribuído entre os socios.

Pero ademais, a Asemblea examinou os logros do ambicioso Plan Estratéxico 2014-2016, que tan bos resultados deu. Así, desenvolver alianzas estratéxicas empresariais, implementar as TIC e o I+D+i como ferramentas de eficiencia económica ou inaugurar o Complexo Multidisciplinar de Delagro nas Pontes, son só algunhas das moitas decisións tomadas durante o trienio pasado que os socios referendaron co seu voto unánime.

Coa mesma unanimidade aprobáronse tanto o Plan Operativo Anual 2017 como o Plan Estratéxico 2017-2019, que buscan ser continuadores de todas aquelas decisións e iniciativas que nos converteron nun referente do cooperativismo agrario nacional e europeo.

*Todos os asuntos tratados foron aprobados por unanimidade dos socios presentes, máis dun 70%.*

Este aval á xestión da cooperativa tradúcese tamén na renovación do noso Consello Reitor, que de novo baixo a presidencia de Javier Taboada foi reelixido sen apenas modificacións entre os seus membros. Con eles, e con todos os que dalgunha maneira formades parte da cooperativa, Delagro pon rumbo á súa XVI Asemblea como un proxecto gañador.



## A NOSA XENTE

### Nacemento

Queremos dar o parabén ao noso compañeiro Igor, Merchand de Mercarural en Cantabria, polo nacemento da súa filla Olaia. Na foto podemos velos aos dous durante as primeiras horas de vida da pequena nunha actitude en grao sumo tenra.

**Moitas felicidades a toda a familia!**



*O sabor da nosa terra*

## Roscón

### Ingredientes

- 1.200 kg de fariña de gran forza
- 190 g de azucre
- 15 g de sal
- 4 ovos
- 100 ml de anís
- Lascas da tona de 2 limóns
- 80 g de fermento prensado ou lévedo de panadeiro
- 350/400 ml de leite
- 280 g de manteiga cocida de vaca DELEITAR
- Nata DELEITAR

### Elaboración

1. Introducir tódolos ingredientes nunha cunca grande ou amasadora, agás o lévedo e a manteiga de vaca DELEITAR.
2. Amasar ata obter unha masa homoxénea.
3. Engadir o lévedo á metade do amasado e antes de finalizar o proceso, a manteiga de vaca. O resultado debe ser unha masa fina, elástica e brillante.
4. Deixar levedar preto dunha fonte de calor ata que triplique o volume inicial.
5. Dividir a masa segundo o peso desexado, bolear e repousar 15 minutos.
6. Dar a forma característica de roscón, liso ou trezado. Deixar levedar ata que dobre volume.
7. Pintar o roscón con ovo batido, rebaixado cun chorro de nata DELEITAR.
8. Decorar con tiras de laranxa confeitada e azucre cristalizado.
9. Cocer a 190°C ata que o roscón estea dourado.



### ESTA SECCIÓN É PARA TI

É o teu aniversario? Acabas de casar? Tiveches un fillo?

Se queres participar nesta sección envíanos as túas fotos a [nuestragente@delagro.org](mailto:nuestragente@delagro.org)

# REPORTAXE DO TRIMESTRE

## A planta de fertilizantes de As Pontes renóvase para chegar máis lonxe

A finais de 2014 concluíu a construción do **Complexo Multidisciplinar para a Fabricación e Distribución de Fertilizantes** no concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña), que se inaugurou oficialmente en marzo de 2015. A capacidade operativa da planta situábase por enriba das **50.000 toneladas anuais** e supuxo a xeración de preto de **60 novos postos de traballo**, entre directos e indirectos.

Aínda que apenas transcorreron dous anos desde a súa presentación en sociedade, a planificación de novos servizos e funcionalidades motivaron a **posta en marcha dunha serie de melloras que recentemente acometemos**. Neste sentido, destaca José Luis Aceves, responsable de Operacións, “as reformas realizadas xorden da discusión interna na procura da excelencia, presidida sempre pola adaptación aos cambios que se producen e tentando adiantarnos no posible aos mesmos”.



### En que consistiron as melloras realizadas?

- Reforma da **saída da máquina de envasado de big bag** (sacos grandes), coa incorporación dunha sección de camiño de rodets con desprazamento

transversal e dous tramos de rodets con banda motorizados, así como o autómata, sinais e seguridades que o xestionan.

- Instalación dunha **nova tolva con capacidade de 10 Tm para graneis**, cunha cinta de aprovisionamento e un elevador de contedores, con acceso á maquinaria de envasado de big bag e sacos.

*“Potenciar unhas instalacións modernas e equipadas cos últimos avances tecnolóxicos e de seguridade, será sempre unha parte esencial do noso compromiso coas cooperativas sociais de Delagro”*

- **Remodelación parcial do almacén**, que conserva a súa gran capacidade diferenciando a zona destinada a sementes e pensos da do resto de mercadorías.

O obxectivo principal destas melloras era, no primeiro caso, **incrementar a produción de big bag monoasa por**

**hora**, sen colapsar a liña principal. Pola súa banda, a nova tolva permitiu dar unha **maior versatilidade á planta**, de maneira que puidesen producirse simultaneamente mesturas a granel e envasado de produtos distintos pola liña de big bag e a de sacos.

### Renovarse ou morrer

A actualización e mellora constante do **Complexo Multidisciplinar** é a mellor forma de prepararnos para afrontar os desafíos que nos expón o futuro.

Así, é moi posible que nos próximos anos debamos adaptarnos a un **cambio nas presentacións dos produtos**, cun crecemento importante dos envasados en big bag e un maior peso por unidade. Isto provocará modificacións significativas no modo e capacidades de produción.

No caso da loxística, todo parece indicar que seguirán atomizándose os pedidos e que se incrementará o servizo ata o destinatario final. Isto obrigaranos a realizar cambios na **xestión do aprovisionamento, espazo e xestión do stock**.



Sexan cales sexan os retos que teñamos que superar no futuro, sinala Aceves, “manter e potenciar unhas instalacións modernas e equipadas cos últimos avances tecnolóxicos e de seguridade, será sempre unha parte esencial do noso compromiso coas cooperativas socias de Delagro”.

### O poder das personas

O equipo de Delagro e os propios socios coinciden en que o Complexo Multidisciplinar das Pontes evolucionou moi positivamente desde a súa apertura.

Incrementouse a capacidade produtiva, o número de servizos, a capacidade de resposta á demanda, a calidade dos produtos, a trazabilidade e deuse resposta con rapidez e eficacia ás necesidades normativas que foron xurdindo. **Todo iso apoiado nun investimento contido pero constante en instalacións e maquinaria.**

Pero o alicerce fundamental que sostivo e alimentou este compromiso coa excelencia foi, sen dúbida, o **equipo humano** da planta.

Un grupo de persoas que se identifican plenamente co proxecto e que están nun proceso constante de aprendizaxe e formación. “Un equipo”, afirma José Luis Aceves, “que non só acepta os cambios, senón que os propón e implementa, e que mantén unha actitude flexible e colaborativa ante calquera modificación da actividade que se expón. Un equipo co que estou seguro seguiremos avanzando e cultivando toda clase de éxitos”.

*“O alicerce fundamental que sostivo e alimentou este compromiso coa excelencia foi, sen dúbida, o equipo humano da planta”*



## SOLUCIÓNS DE ENSILADO

A ÚLTIMA TECNOLOXÍA  
APLICADA AO SEU SILO



### O<sub>2</sub> BARRIER 2IN1

Combinación de 2 láminas nunha que actúan como barreira antioxixeno facilitando o manexo.

A exclusiva composición da lámina bicor OXIPROTEC combinada coa tecnoloxía TRIOTECH e SILONET, dan como resultado o mellor produto para a protección do teu ensilado.

### LÁMINA DELAGRO

**TRIOTECH**  
barreira  
ANTIOXÍGENO

**OXIPROTEC**  
barreira  
ANTILUZ e  
ANTICALOR

**SILONET**  
barreira  
ANTIROTURA





## UN CAFÉ CON... CARLOS FONTAL



Carlos Fontal incorporouse a Delagro en plenas Festas do Apóstolo no ano 2006. A pesares da súa xuventude sempre destacou polo seu compromiso e espírito colaborador. Aínda que normalmente o atopamos entre computadores e programas, hoxe Carlos toma un café connosco para que o coñezamos un pouco mellor.

### En que consiste exactamente o teu traballo?

Basicamente en tentar facilitar a vida aos compañeiros proporcionándolles ferramentas informáticas que lles permitan desempeñar mellor o seu labor. Aínda que ás veces consigamos o contrario...

### Que é o que máis che gusta e o que menos del?

O que máis me enche é ver que os compañeiros te aprecian e valoran o teu traballo. O que menos, non dispoñer do tempo libre que me gustaría.

### Cal foi a experiencia máis divertida que viviches en Delagro?

Moitas, non sabería dicir cal. Río moito coas situacións absurdas e confusas.

### Que calidades admiras nos teus compañeiros de traballo?

O compañeirismo, a capacidade de facer varias cousas á vez e adaptarse a diferentes contornas, a actitude resolutiva, e moitas outras máis.

### Antes de chegar a Delagro, estabas familiarizado co mundo cooperativo?

Non, en absoluto. De feito enviei a solicitude de traballo sen saber nin que tipo de empresa era, jeje.

### Que aspecto te sorprende máis positivamente desta contorna?

A cantidade de áreas que tocamos. Temos que ser bos en cousas totalmente distintas, é un bo sitio para aprender de todo.

### Cal é o teu momento favorito do día?

Cando oio o despertador para levantarme... Non, en serio, calquera momento do día pode ser bo ou malo.

### Tiñas algún alcume de pequeno?

Desde moi pequeno empezáronme a chamar polo meu apelido: Fontal.

### Cal é a última película que viches no cinema?

No cine xa nin me acordo. Na casa: Zorba, o grego.

### Que che gusta facer no teu tempo libre?

Estar cos meus basicamente. Tamén me gusta descubrir novos lugares, escoitar música, conducir e cacharrear en trastes vellos.

### Cal é o último libro que liches?

Un superhumor de Mortadelo e Filemón, se se lle pode chamar "libro".

### Se puideses ter un súper poder, cal sería?

Curar.

### Tes algún lema na vida?

Hai que tentar desfrutar todo o que se poida, que isto logo se acaba.

# TOTALDOG

## A alimentación dos campións

